

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ZAS
Edificio	Igrexa de Santa Sía de Roma
Dirección	Lugar de Santa Sía, 6. 15859
	43.059630 -8.965760
Protección	
Descricion	<p>Santa Sía de Roma é un dos haxiotopónimos -nomes de lugar orixinados polo nome dun santo ou santa- do Concello de Zas. Cómpre aclarar que o haxiotopónimo é só Santa Sía, pois contrariamente ó que se pensaba, este Roma que acompaña o nome da santa non é un topónimo, non é un nome de lugar, senón simplemente un complemento que, contra 1570, se lle engadiu á patroa da parroquia por orde dalgunha autoridade eclesiástica (quizais o propio arcebispo de Santiago). Esta é unha das sorpresas ou novidades que se presentan nesta nova entrega de ‘Zas polo miúdo’. Ata esa data do último terzo do século XVI a parroquia só figura nos documentos (en latín, en galego e despois en castelán) co nome da santa a secas: Santa Cecilia, Santa Cecía, Santa Cía ou Santa Sía. A partir de 1570 xa aparece co engadido “de Roma”, que sen dúbida pretendía facer referencia á orixe da santa venerada na igrexa: a mártir romana do século III, que despois sería escolleita como patroa da música.</p> <p>A súa igrexa parroquial é de estilo barroco, construída no século XVIII, e está perfectamente integrada entre as casas. O edificio de planta de salón con muros portantes de cachotería enfuscada e cantería. Ten cuberta a tres augas con cubrición de tella curva do país. En planta distínguense: unha nave de dous tramos, presbiterio e sancristía acaroadado ó muro norte. No interior destaca a bóveda de canón da capela maior ou presbiterio, de cantería á vista. A fachada é a parte máis interesante do templo, enteiramente construída en cantería agás a torre-campanario feita en cemento. De esquema clásico pentagonal, cun eixe vertical onde se superpoñen, a porta alintelada, unha xanela rectangular, un óculo e a torre-campanario sobre a parte central do panel da fachada, en forma de base cadrada moldurado que recibe o corpo de compás, de planta cadrada, composto por catro machóns e que serve de base ó tambor colado que sostén a cúpula. Esta torre-campanario foi construída a mediados do século XX. Do seu interior, cómpre resaltar o retablo maior feito en pedra de granito. O seu principal interese está no material de construción, xa que non son moitos os retablos pétreos no barroco galego de principios do XVIII.</p> <p>Esta parroquia pertenceu durante o Antigo Réxime á xurisdición, gobernada polos condes de Altamira, de Vimianzo e, no ano 1842, Santa Sía estivo a piques de ser capital do Concello de Roma, que abranguía todas as parroquias de Zas e boa parte de Vimianzo, tras o acordo de redución de concellos que adoptou a Deputación. O proxecto nunca chegou a realizarse.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	

Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	18-10-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1964	50	72
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	2014	60	125

Información completa: [Igrexa de Santa Sía de Roma - ZAS \(GALICIA\)](#)

PDF (25-05-2026)